



D. Jesús Vázquez Almuíña

Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia
Servizo Galego de Saúde
Edificio Administrativo de San Lázaro
15781-Santiago de Compostela



AGEFEC

Asociación Galega de Enfermería
Familiar e Comunitaria

Santiago de Compostela, 11 de Xaneiro de 2016


Estimado Sr. Conselleiro:

Ante a recente publicación do Real Decreto 954/2015, do 23 de outubro polo que se regula a indicación, uso e autorización de dispensación de medicamentos e produtos sanitarios de uso humano por parte dos enfermeiros, como Sociedade Científica que representa a Enfermaría Familiar e Comunitaria de Galicia, e ante as diferentes informacións e interpretacións dirixímonos a vostede para solicitarlle que nos aclare, cales e como deben ser as actuacións no traballo diario das enfermeiras/os de Atención Primaria. Especialmente, no referente ao uso e indicación de medicamentos e outros produtos sanitarios, no que o citado Real Decreto dita no seu artigo 3: *"En todo caso, para que los enfermeros acreditados puedan llevar a cabo las actuaciones contempladas en este artículo respecto de los medicamentos sujetos a prescripción médica, será necesario que el correspondiente profesional prescriptor haya determinado previamente el diagnóstico, la prescripción y el protocolo o guía de práctica clínica y asistencial a seguir, validado conforme a lo establecido en el artículo 6. Será en el marco de dicha guía o protocolo en el que deberán realizarse aquellas actuaciones, las cuales serán objeto de seguimiento por parte del profesional sanitario que lo haya determinado a los efectos de su adecuación al mismo, así como de la seguridad del proceso y de la efectividad conseguida por el tratamiento"*.

Non temos claro a que actuacións se refire, se é soamente á indicación e autorización de dispensación de medicamentos ou tamén ao uso dos mesmos no noso ámbito laboral xa sexa, na consulta, no ámbito da atención domiciliaria, etc. mesmo a aqueles que se administran de acordo cun protocolo ou orde emitida polo Servizo Galego de Saúde.

Tampouco temos claro a cobertura legal nin garantía de responsabilidade civil á que nos expoñemos cunha ou outra actuación, nin a que nos ofrece o SERGAS neste novo marco xurídico.

Tamén quixeríamos saber se non se vai a ter en conta a formación acreditada en farmacoloxía que posuímos. Se teremos que realizar esas 180 ou 360 horas de formación específicas para conseguir a acreditación e nese desafortunado caso, quen a impartirá. Igualmente, como se actuará sen a existencia das Guías Clínicas ás que se refire o Capítulo III:



AGEFEC

Asociación Galega de Enfermería
Familiar e Comunitaria

"La elaboración de los protocolos y guías de práctica clínica y asistencial se efectuará en el seno de la Comisión Permanente de Farmacia del Consejo Interterritorial del Sistema Nacional de Salud".

Por todo isto, **SOLICITÁMOSLLE** que desde o ámbito institucional que vostede representa, **fágase pública a postura da Consellería** ante o Real Decreto 954/2015, e as actuacións acordes que a enfermería Familiar e Comunitaria deberá desempeñar desde hoxe ata que se dilucide ou modifique dita normativa.

Achegámoslle o noso posicionamento e o de FAECAP (Federación Española de Asociaciones de Enfermería Comunitaria e Atención Primaria), feito público previamente á publicación do RD e no que nos seguimos reafirmando, desexando que este despropósito teña emenda nun futuro próximo.

Esperando a súa pronta resposta, reciba un cordial saúdo.

P.O.

A G E F E C
Asdo. Xunta Directiva da AGEFEC
www.agefec.org